



ANEXO INFORMATIVO SOBRE CLÁUSULAS DE CONTRATOS DE VPA

CONTRATOS DE COMPRAVENDA

NO CONTRATO ORIXINAL DEBERÁN FIGURAR AS SEGUINTE CLÁUSULAS:

- A data de cualificación definitiva e o número de expediente de promoción.
- A superficie útil da vivenda e de cada un dos anexos.
- O prezo total da compravenda, desagregado en prezo da vivenda e prezo de cada un dos anexos vencellados á vivenda.
- Que a vivenda será utilizada como domicilio habitual e permanente das persoas adquirentes.
- Que as persoas vendedoras obríganse a poñer a disposición das persoas compradoras un exemplar do contrato debidamente visado pola área provincial do IGVS.
- Que a persoa adquirente se obriga a ocupar a vivenda no prazo máximo de dous meses a partir da entrega das chaves, agás que medie xusta causa.
- Que a persoa vendedora se obriga a elevar a escritura pública o contrato de compravenda no prazo de tres meses a partir da data do contrato de compravenda.

CONTRATOS DE ARRENDAMENTO

NO CONTRATO ORIXINAL DEBERÁN FIGURAR AS SEGUINTE CLÁUSULAS:

- A data de cualificación definitiva e o número de expediente de promoción.
- O importe mensual, que non pode superar a renda máxima anual fixada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).
- Que a vivenda será utilizada como domicilio habitual e permanente das persoas arrendatarias.
- Que as persoas arrendadoras obríganse a poñer a disposición das persoas arrendatarias un exemplar do contrato debidamente visado pola Área Provincial do IGVS.
- Que o subarrendamento total ou parcial dará lugar á resolución do contrato.
- Que as persoas arrendadoras obríganse a depositar a fianza no IGVS.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude de certificado de prezo máximo ou de visado de contrato de compravenda e de arrendamento presentarase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de maneira presencial no rexistro dun edificio administrativo da Xunta de Galicia, ou por medio dos sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.